



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
23 DE MAIO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación das actas anteriores

2.- Dar conta das actuacións na parroquia

3.- Varios

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte e tres de maio de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- José Antonio Sánchez Méndez, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Rosa González Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- José Ignacio Novelle García, representante das entidades deportivas
- Milagros Rodríguez Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación das actas anteriores

Sométense á aprobación as actas das xuntanzas de datas 14.02.2013 e 21.02.2013.



CONCELLO DE REDONDELA

Luis Medal Martínez, representante das asociacións culturais indica que na acta de constitución non figura, polo que se inclúe na relación de asistentes. Asemade na acta da xuntanza de data 21.02.2013 indica que figura Fiel como segundo apelido, sendo o correcto Martínez, dato que tamén queda corrixido.

José Antonio Sánchez Méndez indica que en dúas das súas intervencións non foron recollidas fielmente. Así co terceiro parágrafo da folia número 4 tense que incluír o seguinte:

Como presidente da asociación de veciños lle parece que o Presidente do Consello Parroquial é un inconsciente ao convocar aos veciños da zona alta, xa que se alguén tivera avisado aos veciños que se sinten perxudicados da zona baixa, se podería ter producido un enfrentamento entre veciños polo que reitera que o Presidente actuou con irresponsabilidade ao permitir a entrada deses veciños.

Asemade no segundo parágrafo da folia sexta tense que incluír o seguinte:

Trala lectura dos artigos lle recorda ao Presidente do Consello Parroquial D. Jesús Crespo que os estude ben para que teña en conta en futuras xuntanzas para que son estes consellos parroquiais e cal é a súa función, xa que non consentirá que o Presidente se salte o Regulamento cando lle pareza.

Feitas as correccións apróbanse as actas por unanimidade das/os membros presentes.

2.- Dar conta das actuacións na parroquia

O Presidente informa que se repararon as mesas da praia e se está realizando a limpeza da zona e o cambio das papeleiras. Xa empezou a traballar a máquina da Deputación e o tractor do Concello. O luns os operarios comenzarán a limpeza da praia.

Solicitáronse beirarrúas dende o Alto de Cesantes ata o Colexio. Tamén se falou coa Comisión de Festas de San Pedro e se vai a arranxar a zona onde se fai a festa.

Contactouse co Portos de Galicia para que cedera o pantalán para a Festa do Carme. O pantalán está en Vilagarcía e solicitouse que o deixara en Cesantes, un patrón (Tonacho) comprometeuse ao seu mantemento, así estaría sempre en Cesantes e se deixaría aos outros Concellos cando o necesitasen.



CONCELLO DE REDONDELA

3.- Varios

Poñendo un pouco como exemplo o Consello do Viso, que funciona moi ben e do que tamén é Presidente, realizan unha xuntanza antes da celebración do Consello para traer os temas consensuados e tratados por todos. Para que os asuntos entren na Orde do Día deberían tratarse quince días antes da celebración do Consello e trasladar os puntos aos Concello para a elaboración da Orde do Día.

Luis Antonio Medal Martínez di que o mellor é que os temas que presenten cada un das asociacións as envíe as outras asociacións para así que as/os representantes as poidan trasladar ás/aos súas/seus socias/os, senon él como representante non se atopa lexitimado para dar unha opinión.

Jorge Rodríguez Crespo propón que os temas se envíen por correo electrónico a todas as asociacións.

Cecilia Pérez Orge di que o Consello Parroquial é un órgano de participación e o peso e a voz máis alta a debe levar o movemento asociativo e o máis importante é que se chegue a puntos de encontro. Os colectivos deberíanse por de acordo para que os temas sexan asumidos e reivindicados por todos.

Milagros Rodríguez Otero di que non sabe moi ben como funciona e para que está no Consello Parroquial.

Cecilia Pérez Orge di que o seu colectivo é moi importante para a parroquia de Cesantes, xa que ademais é unha fonte de riqueza.

José Antonio Sánchez di que o ideal sería reunirse tres semanas antes e enviar unha orde do día, pero o problema é quen leva a iniciativa. O primeiro paso sería tratar de elexir unha segunda persoa en calidade de coordinadora das asociacións. Existe un artigo que trata do nomeamento dunha/un vicepresidenta/e e esa persoa podería levar esa coordinación para reunir aos grupos.

Marta Rosa Ramos Álvarez propón que dende o Concello se envíe un correo electrónico a todas/os as/os membros do Consello Parroquial para que se reúnan para realizar a orde do día.



CONCELLO DE REDONDELA

Jorge Rodríguez Crespo propón que a xuntanza se realice o xoves seguinte ao da comunicación ás oito da tarde no Centro Cultural de Cesantes. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Luis Antonio Medal Martínez di que o Concello debe tamén dicir os temas que vai tratar para que así as/os representantes veciñais poidan preparar eses asuntos.

Luis Medal Fiel di que ao seu grupo político (AER) lle gustaría que a veciñanza asistira ás xuntanzas do Consello Parroquial, pero que queren que se aplique o Regulamento. Se asiste algún técnico ou persoa allea ao Consello Parroquial que se aprobe a súa asistencia polas/os membros do Consello. Tamén lles gustaría que as/os representantes políticos asistiran con voz pero sen voto.

Cecilia Pérez Orge di que para que os Consellos Parroquiais sexan abertos habería que modificar o Regulamento e considera un erro que as/os representantes dos partidos non poidan votar, porque o voto que se efectúa no Consello vincula á persoa e ao partido para o seu voto no Pleno. O Consello Parroquial é un órgano que emana do Pleno do Concello. Asemade como a maioría da representación recae na veciñanza as/os representantes políticos non poden tumbar os seus acordos.

Luis Medal Fiel di que as/os representantes políticos xa están no Pleno e é aí onde exercen o seu voto e considera que nos consellos parroquiais deberían estar tamén representantes dos grupos políticos que se presenten as eleccións, saquen ou non representación.

Luis Medal Martínez di que se este órgano é de representación puramente veciñal parece un contrasentido que estean os políticos.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que como órgano que sae do Pleno non é un órgano de representación plenamente veciñal.

José Antonio Sánchez Méndez di que a asociación de veciños que él representa ten moitos asuntos que tratar e que quere que se lle dea máis forza aos asuntos dende o Consello Parroquial, polo que pasa a propoñer os seguintes asuntos.



CONCELLO DE REDONDELA

Como punto primeiro a Asociación de Veciños de Cesantes propón retirar a grúa. Falouse cos partidos que están de acordo e algún ofreceuse para presentar unha moción, pero considera que sería mellor presentala a través do Consello Parroquial.

O Presidente informa que sería un tema para tratar no seguinte Consello Parroquial, xa que hai que tratar o tema e dar toda a información. Ese punto xa foi levado ao Pleno do Concello e a grúa está de xeito legal e con todas as súas revisións pasadas.

José Antonio Sánchez Méndez di que iso pasou hai un ano e dende esa ninguén veu a pasarlle ningunha revisión. Como punto número dous a Asociación de Veciños de Cesantes propón a instalación de baños na praia. Todas/os somos conscientes de que na praia non hai baños públicos, que deben estar aí para cumprir coa normativa que así o obriga.

O Presidente pregunta a José Antonio cal é a normativa que fai esa obriga. José Antonio Sánchez Méndez di que son necesarios. O Presidente di que necesarios non é igual a obriga legal e que xa hai dous de minusválidos.

Cecilia Pérez Orge di que non é necesaria unha normativa para que se leven a cabo actuacións que son necesarias. Ben é certo que en moitos lugares se poñen baños e non acaban ben, pero a solicitude do estudo de instalación de baños na praia de Cesantes podería ser un acordo do Consello Parroquial.

O Presidente informa que o problema tamén é o funcionamento para os que hai déixase a chave no quiosco.

Rosa González Cabaleiro pregunta se non se podería contratar a alguén no verán para solucionar este problema. O Presidente di que non é posible e a mellor opción segue sendo a de deixar a chave no quiosco.

José Antonio Sánchez Méndez di que como punto número tres a Asociación de Veciños de Cesantes propón a instalación da Rede WIFI na praia de Cesantes. Aproveitando que o Presidente é o Concelleiro de Novas Tecnoloxías pregunta se se podería instalar. O Presidente di que si, que verá as posibilidades.

Luis Antonio Medal Martínez di que se deben establecer prioridades nas peticións.



CONCELLO DE REDONDELA

José Antonio Sánchez Méndez di que como punto catro a Asociación de veciños de Cesantes propón o acondicionamento, instalación de sinais e reposición dos sinais rotos no Camiño de Santiago, que ten arredor duns tres kilómetros de recorrido nesta parroquia e está moi descoidado.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que non o ve mal sinalizado.

O Presidente lle pregunta a José Antonio Sánchez Méndez se a solicitude para o arranxo do Camiño a fai ao Concello. José Antonio Sánchez Méndez resposta que si. O Presidente informa que o Camiño de Santiago pertence á Xunta e xa se realizou a petición para a limpeza.

Jose Antonio Sánchez Méndez pregunta se se limpou algunha vez e Rosa González Cabaleiro di que ela algunha vez viu como se limpaba

Arsenio Martínez Ricón di que a entrada a Santa Mariña é un caos sobre todo a determinadas horas e se está pensado en facer algún arranxo porque sempre hai coches aparcados onde está o taller de motos e fórmanse un tapón.

Luis Antonio Medal Martínez di que houbo un problema co camiño o colexio colleu un trozo e un veciño outro e o Concello non fixo nada.

José Antonio Sánchez Méndez como punto quinto informa que a Asociación de Veciños de Cesantes fixo unha reportaxe sobre o estado dun tramo dun quilómetro e dous centos metros do Camiño de Santiago no que había cento trinta roturas de auga, polo que haberá que pedirlle a Aqualia que faga o seu traballo.

Luis Antonio Medal Martínez di que un tema importante a tratar son os lindes da parroquia de Cesantes. Xa que esta comenzaba na Fonte do Mouro e chegaba ata a de "Palanca Brava", considerando estes lugares como casco urbano. Quería saber quen e como se fixeron os lindes que hai actualmente. Ademais moita xente estaba de acordo porque así os seus terreos pasaban a ser casco urbano, polo que non se pode apelar aos sentimentos da veciñanza.

Arsenio Martínez Ricón di que as persoas maiores comentaban que Cesantes remataba na gasolinera.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge di que a delimitación das parroquias pode xerar problemas entre a veciñanza. Cando se inicie a redacción do Plan Xeral sería o momento ideal para tratar o tema dos lindes.

O Presidente di que sería un tema a tratar entre as/os representantes para traer ao próximo Consello Parroquial.

Juan Carlos Araújo Alonso propón que se fagan unhas normas para a utilización dos paneis informativos coa finalidade de non colapsar, xa que agora están ocupados integramente pola Asociación de Veciños.

Jorge Rodríguez Crespo di que non se fagan ameazas pola utilización dos paneis, porque as/os nenas/os do grupo de baile non queren poñer as informacións por medo.

O Presidente di que os paneis están para poñer información sobre festas, xuntanzas, etc, non como están agora con recortes de prensa.

José Antonio Sánchez di que AER pediu ous paneis no Pleno e se colocaron despois dun ano e agora aparecen anuncios con publicidade.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que a xente non sabe que non se poden poñer anuncios particulares, pero se aparecen algúns pois se tapan coa información adecuada e punto.

Luis Antonio Medal Martínez di que se se fai unha normativa que regule a súa utilización pódese obrigar á xente a que a cumpra.

O Presidente di que a idea de Juan Carlos Araújo Alonso de facer algunha regulamentación é boa como unha guía práctica de boas maneiras.

Luis Medal Fiel di que está de acordo cos paneis, pero que puideron poñerse para que se utilizasen os dous lados e tiveran tapa con chave, e que ésta se deixara no Centro Cultural.



CONCELLO DE REDONDELA

Jorge Rodríguez Crespo quere as/os rapazas/ces que poñan os carteis de información nos paneis non teñan ningún problema, xa que en Facebook saíron esas ameazas.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que antes de Semana Santa saíu unha nota de prensa onde dicía que a Asociación de Veciños se reunira coa ANPA de Cesantes. Quería informar que a ANPA non se reuniu con ninguén da Asociación de Veciños. Dúas semanas despois saíu outra nota onde indicaban que a vicepresidenta da ANPA se reunira outra vez coa Asociación de Veciños e quería informar novamente que a vicepresidenta non se reuniu coa Asociación de Veciños como representante da ANPA senon a título persoal. A ANPA púxose en contacto coa Asociación de Veciños para intentar aclarar a situación, pero a Asociación de Veciños non deu ningunha resposta. Estas situacións poden crear conflitos entre as/os membros da ANPA, aínda que non foi o caso, polo tanto lle pide á Asociación de Veciños que sexa a última vez que faga este tipo de actuacións.

José Antonio Sánchez Méndez di que xa aclarou iso con Marta Rosa Ramos Álvarez e se lle explicou que foi o periodista o que puxo que era a ANPA, non algo da Asociación de Veciños, pero que grazas a iso o Concello actuou no problema.

Cecilia Pérez Orge informa que o Pleno do Concello aprobou a proposta do Sindicato Ferroviario presentada en forma de moción conxunta dos grupos políticos do Concello na que se instaba ao Pleno a:

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para que desista na súa intención de reducir o número de paradas no Apeadeiro de Cesantes.
- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para que considere a necesidade do seu mantemento ou a ampliación do servizo de paradas no Apeadeiro de Cesantes.
- Dirixirse á Xunta de Galicia para que requira do Ministerio o mantemento das paradas de trens no Apeadeiro de Cesantes.

Sométese á votación a proposta que resulta aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Presenta unha proposta en relación co punto que se levou a outros Consellos Parroquiais sobre o rexeitamento a ampliación da ponte de Rande, xa que no Parlamento se aprobou a ampliación da ponte de Rande. O BNG considera que esta ampliación conlevará á ampliación da autopista ao seu paso pola



CONCELLO DE REDONDELA

parroquia de Chapela, polo que se lle está dando solución a Vigo perxudicando a Redondela. Asemade esta non é solución, xa que se formará un embudo que non dará solución ao problema do tráfico.

O Presidente di que o que se aprobou foi algo que fixo Pepe Blanco e que xa estaba aprobado.

Cecilia Pérez Orge di que efectivamente nacera co PSOE.

O Presidente di que se expuxo ao documento que se presentou vai moita diferenza e que o parágrafo de cinismo político do PP non é apropiado, xa que o espírito do Presidente deste Consello Parroquial é o de construír e non o de facer unha loita política. O Partido Popular de Redondela está en contra de todo o que perxudique ao Concello.

Luis Antonio Medal Martínez di que a proposta a ten que tratar coa súa asociación e así deberían ser todos os colectivos. Cecilia Pérez Orge solicita que o mesmo trato que se fai con este asunto que se faga con todos.

Jorge Rodríguez Crespo informa que él non vai votar ningún tema sen consultar coa súa directiva, salvo que sexa algo moi obvio.

José Antonio Sánchez Méndez solicita que se aclare unha petición de AER sobre a titularidade da estrada que baixa á praia de Cesantes.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que esta pregunta lla solicitou ao grupo socialista, pero que como agora a pediu a través do Consello Parroquial, o Presidente será o que teña que respostar.

Luis Medal Fiel propón que a se faga de sentido único a estrada que vai ao Campo do Choco a que une coa xeral porque se crean situacións de moito perigo.

Luis Antonio Medal Martínez informa que os colectivos do Viso están facendo un traballo sobre os muíños do Río Pexegueiro para recuperar un sendero que tamén afecta a Cesantes, polo que podería haber unha colaboración.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge di que nese caso se teñen que poñer en contacto os colectivos entre sí.

O Presidente di que se podería propor como punto para o seguinte Consello Parroquial.

José Antonio Sánchez Méndez di que foi un descuido do Concello levar aos feirantes para o Campo do Cesantes, porque estaba feito un lodazal, sen conexións ao sumidoiro e sen requisitos mínimos para a súa ocupación, asemade tamén se levan os circos para alí e cheira mal durante meses. O Presidente di que o Concello os sacou dalí porque non había condicións para a súa ocupación e lles buscou outro lugar con conexión ao saneamento.

Rosa González Cabaleiro pregunta se o lugar da Festa do Carme estará arranxado. O Presidente di que hai intención do Concello de solucionar o problema.

Arsenio Martínez Ricón di que o terreo onde se fai a Festa de San Pedro non é da Comisión de Festas. A pista preparouse debido a xestión da devandita comisión e se intentará deixar o lugar o mellor posible.

Luis Medal Fiel pregunta se hai algunha información sobre a tala das árbores da praia. O Presidente di que segue habendo permiso e a intención era saber as opinións dos colectivos veciñais e estudar todas as propostas, pero ata este momento non chegou ningunha.

Luis Antonio Medal Martínez di que sería interesante ter a opinión dun técnico. O Presidente informa que tamén se vai pedir, pero primeiro quere coñecer a opinión da veciñanza.

Leonardo Cabaleiro Couñago apoia a proposta do informe técnico.

Marta Rosa Ramos Álvarez propón poñer unha sinalización nos aparatos dos parques nos que se indique a idade mínima e máxima que deben ter as/os que usen os elementos.

Luis Antonio Medal Martínez propón buscar unha alternativa para a zona do paseo que está máis alá do Antolín, xa que chega un momento en que non se



CONCELLO DE REDONDELA

pode continuar porque tes que baixar á praia, pero cando está a marea alta non é posible.

José Antonio Sánchez Méndez informa a Asociación de Veciños de Cesantes está dando publicidade ao Paseo das Sete Cuncas e se vai facer unha caminata. Deste paseo só falta uns metros por acondicionar.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.